

Introdución

Nas páxinas que seguen preséntase un resumo da xestión do equipo de goberno durante 2015, xunto con información complementaria de interese para coñecer a evolución da Universidade da Coruña ao longo do ano. Coincide co último ano do mandato do profesor Xosé Luís Armesto como reitor.

O informe estrutúrase en doce capítulos. Os dous primeiros recollen a composición e os principais acordos adoptados polos órganos de goberno da UDC, así como un sumario coas actividades máis importantes do reitor, da vicerreitora de Ferrol. Outro apartado resume iniciativas salientables no ámbito da responsabilidade social universitaria.

O groso da información académica distribúese en tres capítulos que detallan a oferta académica e a composición do estudantado (centros, titulacións, procedencia, sexo, idade) dos graos, das titulacións non adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior, dos mestrados oficiais e propios e dos programas de doutoramento. Xunto cunha síntese da actividade dos servizos informáticos, complétase esta parte cun capítulo informativo sobre as accións de soporte, formación e apoio á docencia e sobre as avaliacións.

O sexto capítulo reflicte a evolución do labor investigador da UDC, da súa capacidade para captar recursos externos para financiar o traballo científico e do traballo que se fai para a transferencia dos resultados da investigación ao sector produtivo. Inclúe unha síntese dos proxectos desenvolto nos centros tecnolóxicos, datos sobre a Biblioteca Universitaria e un pequeno informe sobre o viveiro de empresas de base tecnolóxica.

Os datos estatísticos dos capítulos 7 e 8 devolven unha imaxe do perfil do persoal da UDC, tanto docente e investigador como de administración e servizos. Séguelle un apartado sobre os premios, bolsas e actividades deportivas do estudantado, así como sobre a actividade do Servizo de Publicacións.

A proxección internacional e a xestión económica, dous dos ámbitos con maior protagonismo ao longo do ano (centrais tamén no vixente plan estratéxico), descríbense nos dous capítulos seguintes.

A Memoria de Xestión 2015 péchase co balance da Asesoría Xurídica, do Servizo de Normalización Lingüística e do Rexistro e Arquivo.